


Quinto e sexto

Escarlatina, a cociñeira defunta

Autora: Leticia Costas
Ilustrador: Víctor Rivas
Editorial: Xerais

Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulle aos seus pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario. Nese día tan especial recibiu un megasusto, un agasallo moi singular, as instrucións para activar a Escarlatina, unha cociñeira falecida no século XIX que nunca se separa de Lady Horreur, un arrepiante arañón con acento francés.



Os reloxos preguiceiros de Néboa

Autor: Xabier Lama
Ilustradora: Xosé Tomás
Editorial: Xerais


Na cidade de Néboa vívese unha aparente rebelión de todos os reloxos, que deixan de contar o tempo. Detrás desa situación albísase un boicot de grandes dimensións sobre o que converxen moitos misterios. A partir de aí van xurdindo personaxes, digamos... especiais.



Historia de Galicia.

Autor: Pepe Carreiro.
Ilustrador: Pepe Carreiro.
Editorial: Baía Edicións.

Pepe Carreiro, co humor que o caracteriza, fai un percorrido polos principais fitos da historia do noso país cunha chea de preguntas. Todas se resolven neste libro de forma didáctica e amena.



Mafalda

Autor: Quino
Editorial: Lumen

O 50 aniversario do nacemento desta nena preocupada polo mundo é un bo momento para achegarnos a ela e á súa pandilla de amigos e ver todas as reflexións que se lle ocorren sobre o que acontece.

Esta guía foi elaborada de xeito colaborativo polos seguintes centros de A Estrada:

C.E.I.P Plurilingüe de Oca

C.E.I.P Cabada Vázquez

C.E.I.P do Foxo

C.E.I.P de Figueiroa



Tamén en inglés!!

De 1º a 6º

Baby Animals
The Red Kite
At the Zoo
I Can Swim
Let's go to the Rainforest
At The Beach

Storyland readers
Dolphin readers
Editorial Oxford

C.E.I.P DE FIGUEIROA

Nadal 2014

NADAL DE
LECTURA

NADAL DE
AVENTURA



www.abibliodecarola.com.es
www.ceipdefigueiroa.aestrada.com



Infantil

Primeiro e segundo


Terceiro e cuarto



Nicomedes

Autor: Pinto & Chinto
Ilustrador: Pinto & Chinto
Editorial: Kalandraka


A súa espléndida cabeleira converteuse nunha cabeza pelada pero Nicomedes, que non ten nin un pelo de tonto, empeza a enxeñar insólitas alternativas. A grandes males, grandes remedios.



Renata y Catalina un día de lluvia

Autora: Concha López Narváez
Ilustrador: Rafael Salmerón
Editorial: Everest

Está chovendo e Renata está feliz porque lle resulta moi divertido. Catalina non quere saír e chora porque o sol está escondido. Pero chega un momento que escampa ... serán capaces de aproveitar o día?




A selva dos números

Autor: Ricardo Gómez
Ilustrador: Tesa González
Editorial: Alfaguara Oubadoiro
Tuga é unha tartaruga que acaba de inventar os números e decide ensinar-llos aos demais animais que os usarán para fins sorprendentes e tolos.

Maruxa

Autora: Eva Mejuto
Ilustradora: Mafalda Milhões
Editorial : OQO

Maruxa decide dar unha lección ao seu marido. Astuta, e cunha gran habilidade no manexo da retranca, logrará que Pepiño tome consciencia de que o traballo da casa está mal repartido e consegue que cambie de actitude.



O libro dos bicos

Autor: Xosé Luna Sanmartín
Ilustradora: Nuria Díaz
Editorial : Edicións Embora

Poemario donde o autor fai un percorrido polos bicos da súa vida. Un libro cheo de bicos de cores!



A verdadeira historia da mosca da tele

Autor: María Solar
Ilustradores: Ana Francisco e Jorge Vázquez
Editorial : Galaxia


Hai moscas que non se conforman con ser moscas e que, ademais, queren ser estrelas da televisión. Unha historia divertida que nos vai servir para acompañar á mosca da tele dende os platós da televisión en Galicia á televisión do Caribe!



A casa da mosca chosca.

Autor: Eva Mejuto (adaptación).
Ilustrador: Sergio Mora.
Editorial: Kalandraka.

Conto popular ruso. Na casa da mosca hai unha torta de amoras, sete pratos, sete banquetas, sete animais a punto de merendar. Xa non cabe ninguén máis... pero alguén peta na porta.



El ladrón de palabras.

Autor: Nathalie Minne.
Ilustrador: Nathalie Minne.
Editorial: Edelvives.

Polas noites, cando a lúa alumea sae o ladrón de palabras por toda a cidade. Unha historia sobre a beleza das palabras e o seu valor para comunicarse, facer amizades e amar.



Xela volveuse vampira.


Autor: Fina Casallerrey.
Ilustrador: Noemí López.
Editorial: Baía Edicións.
Contos da igualdade.

En Xela volveuse vampira!! aparece unha achega ao tema da violencia contra as mulleres desde os ollos dun neno.

Tío Lobo

Adaptación: Xosé Ballesteros
Ilustrador: Roger Olmos
Editorial: Kalandraka

Adaptación dun conto tradicional italiano con final inesperado que nos conta as peripecias de Carmela. É un conto de advertencia cheo de suspense moi recomendable para ser lido en voz alta.



A nai da nai da miña mamá

Autora: Alejandra Schmidt
Ilustradora: María José Olavarría
Traductora: Charo Baleirón
Editorial: Hércules.

Este álbum ilustrado ofrécenos unha reflexión sobre a vida a través dos anos da vellez dunha avoa e os anos de infancia da súa bisneta.



Mates divertidas para gente ingeniosa

Autor: Jonathan Lipton
Editorial: S.M

Un libro cheo de lapelas e despregables que te invita a facer cálculos e demostracións de como funciona o mundo.

